A pesar de que o PIMX era un proxecto no que todos os actores estaban interrelacionados, a responsabilidade directa nesta área recaía no ITPA (Instituto Técnico de Producción Gandeira), FEFRIGA (como responsable da xestión do Libro Xenealóxico) e as AFRICOR provinciais (responsables da execución do Control Leiteiro nas súas respectivas provincias).

#### Incorporación de xenética elite

Para acadar os obxectivos de mellora marcados no PIMX e tendo en conta o limitado valor xenético da cabana frisona galega naqueles anos, era imprescindible recorrer ao mercado internacional para adquirir xenética punteira coa que mellorar os nosos rabaños. Para isto e apoiándose nas vantaxes que ofrece a técnica de Transferencia Embrionaria, o Programa adquiriría anualmente un determinado número de embrións procedentes das mellores vacas e liñas xenéticas existentes no mercado Internacional, cos que obter en Galicia animais, machos e femias, capaces de transmitir e difundir o seu potencial ao conxunto da nosa cabana gandeira.



Tendo en conta tanto o alto valor xenético e económico dos animais que se prevía obter por esta vía, como as funcións que tiñan reservadas no proceso de mellora, así como a necesidade de manter o seu estatus sanitario en niveis óptimos, a Consellería creou a Unidade de Transferencia Embrionaria de Bos (UTE de Bos). Nesta Unidade, superada a correspondente corentena e logo dun estrito control sanitario, aloxaríanse as receptoras dos embrións (xovencas virxes que aportarían os socios e que, despois de pasar toda a súa xestación e parto en Bos, serían devoltas, recén paridas, aos seus propietarios).

#### Multiplicación e difusión da xenética incorporada ó Programa

En boa medida, o éxito no proceso de mellora sustentábase na multiplicación e máximo aproveitamento dos animais obtidos a partir dos embrións adquiridos polo Programa, coa fin de que os seus xenes puideran incidir ampla e decisivamente na mellora da Cabana Frisona galega no seu



conxunto. Con este obxectivo establecíanse dúas vías de traballo complementarias, claramente definidas e perfectamente diferenciadas: a vía macho e a vía femia.

- **Vía macho:** os machos obtidos no proceso serían sometidos a testaxe e, unha vez probados, aqueles que resultaran positivos serían intensamente recolleitados e o seu seme posto a disposición de todos os gandeiros (foran ou non colaboradores do Programa) para mellorar os seus rabaños. A responsabilidade neste cometido recaía no Centro de Inseminación Artificial de Fontao.



- **Vía femia:** As femias máis destacadas serían superovuladas, recolleitadas, e os seus embrións postos a disposición de todos os criadores de frisón, co obxecto de, por unha parte, mellorar os propios rabaños e, por outra, continuar no noso país coas extraordinarias familias de vacas das que procedían, obter nais de futuros sementais cos que retroalimentar o Programa e, por último, sentar as bases para o desenvolvemento dun mercado propio de xenética a fin de que o valor engadido que este xerara, revertira nos criadores galegos. A responsabilidade neste cometido recaía na Unidade de Transferencia Embrionaria de Bos (UTE Bos) que, por acordo coa Consellería, sería xestionada por Fefriga.

Hoxe, coa perspectiva que nos da o paso do tempo e despois de case 20 anos de actividade do PIMX, cada quen pode facer as súas valoracións e sacar as súas propias conclusións sobre os resultados obtidos, pero estamos absolutamente convencidos de que todos coincidiremos en que o obxectivo de producir e ofertar xenética elite a baixo custo (tanto seme como embrións) foi plenamente acadado. Neste sentido, seguramente baste con lembrar os prezos que pagabamos polas doses seminais ou o que teñen actualmente os embrións no mercado libre.

## Datas Importantes no Programa Bos

- **29-08-1990:** As Xuntas Directivas da Asociación Frisona Galega (AFRIGA) e da Asociación Frisona de Lugo (AFRILUGO), reúnen en Guitiriz e constitúen a Federación Frisona Galega (FEFRIGA).
- **22-02-1991:** A Consellería de Agricultura presenta o Plan Integral de Mellora Xenética (PIMX).
- **15-10-1991:** A Consellería comeza as obras en Guísamo para o establecemento da Unidade de Transferencia Embrionaria de Bos (UTE Bos).
- **28-01-1992:** A Consellería reconece á Federación Frisona Galega (FEFRIGA) como entidade colaboradora na súa condición de Xestora para Galicia do Libro Xenealóxico da Raza Frisona.

- **Febreiro de 1992:** Celébranse as Asembleas Constituíntes das Africor en cada provincia.
- **06-05-1992:** Asíñase o convenio de colaboración entre a Consellería de Agricultura e FEFRIGA, polo que esta última asume a responsabilidade de xestionar a UTE de Bos.
- **25-07-1992:** Entran en Bos o primeiro grupo de receptoras de embrións (xovencas cedidas polos socios).
- **25-09-1992:** Realízase, nas instalacións da UTE de Bos, a primeira implantación de embrións do Programa.
- **09-07-1993:** Nace na UTE de Bos a primeira becerra (Bos Leadman LEA ET); ata outubro dese ano nacen outras 14 beceras (Goldra, Volvoretta, Xarne-la, Londra, Támega, Ulla, etc,...) e 5 becerros (Lérez, Oitaven, Breogan, etc,...) froito do primeiro lote de embrións adquiridos polo Programa.



- **24-10-1994:** As 3 primeiras xovencas de Bos (Volvoreta, Carqueixa e Londra), son recolleitadas polo equipo de Transferencia Embrionaria de AFRIGA.
- **09-11-1994:** Contrátanse os servizos do Dr. Denis-Pierre Ménard para recolleitar masivamente as xovencas de Bos e implantar os seus embrións en ganderías (realizáronse 4 recolleitas a cada unha antes de preñalas). Nos meses seguintes **créase o equipo de Transferencia Embrionaria de Bos** e como complemento aos embrións producidos na UTE,ponse en funcionamento o Programa Top-50 (recolleitas sobre vacas incluídas entre as 50 mellores de cada avaliación xenética).
- **Xaneiro de 1995:** Os 5 primeiros becerros nados en Bos son enviados a Fontao para a súa posta en testaxe. Un deles, Bos Blackstar LÉREZ ET, déixanos o legado de 12.495 fillas rexistradas.

Bos Blackstar Lérez ET MB87 S.T.



- **23-07-1995:** Nace en Gandería Farruquiño a primeira filla de embrións producidos en Bos (Bos Farruquiño Nova Lindy ET).
- **22-04-1996:** Pare en Bos a primeira doante de embrións (Bos Rambo DEZA ET).

Bos Rambo Deza ET



- **15-07-1996:** Unha vez parido o primeiro grupo de xovencas -dada a súa extraordinaria calidade xenética e morfolóxica e co obxectivo de rendibilizar ao máximo a vía femia- Consellería e FEFRIGA acordan a **creación da**

## Unidade de Doantes de Embrións de Bos (UDE Bos).

- **22-04-1997:** D. Tomás Pérez Vidal, daquela conselleiro de Agricultura, inaugura a nave para doantes de embrións, cunha capacidade para aloxar, en boxes individuais, a 25 doantes en lactación.



I Subhasta Top-Bos

- **11-10-1997:** Celébrase en Semana Verde, a **I Subhasta Top-Bos** (7 femias e 4 machos). A cotización máis alta foi a acadada pola xovenca de 15 meses, Bos Astre Baiña, adquirida en 610.000 ptas. por Gandería Cobas de Silleda (Calificada EX, Baiña foi eleixida Vaca do Ano Conafe '2005).

Bos Astre Baiña



- **15-10-1997:** O entón presidente da Xunta, D. Manuel Fraga Iribarne, inaugura a primeira sala de recolleitas e laboratorio de Transferencia Embrionaria.



- **Decembro de 1998:** Co obxectivo de promover a técnica de Transferencia Embrionaria, o equipo de Bos (Denis-Pierre Ménard e Daniel Martínez) organiza e imparte os 2 primeiros cursos de Transferencia Embrionaria.

Curso de Transferencia Embrionaria



- **26-07-2002:** Entran en Bos as últimas receptoras (con este último grupo son xa 748 xovencas, propiedade de 71 explotacións, as receptoras que pasarían por Bos).
- **Novembro de 2002:** Ante a necesidade de receptoras nas que implantar o crecente número de embrións que adquiría o Programa, o cada vez maior número de vacas e xovencas que formaban a plantilla de Doantes de embrións, así como a limitada capacidade de Bos para poder aloxar todos eses animais, Consellería e FEFRIGA acordan implantar os embrións do Programa en ganderías dos nosos socios que reuniran as condicións sanitarias e de manexo necesarias para que os machos nados puideran entrar en Fontao e as femias no rabaño de doantes de Bos.
- **07-03-2003:** Posta en funcionamento do mercado virtual de embrións (venta por Internet). O día 10 véndense por este sistema os 4 primeiros embrións (ao peche de Bos tiñanse comercializado por esta vía 4.635 embrións).



- **30-01-2004:** Sae da UTE Bos, despois do parto, a última receptora de embrións.
- **2006-2008:** A Consellería fai unha importante aposta de futuro para o Programa Bos: adecúa e moderniza as instalacións e constrúe un novo edificio no que, ademais de oficinas, despachos, sala de reunións, etcétera, ubícase a nova sala de recolleitas, laboratorio e zona de almacenaxe de embrións. Estas novas instalacións reúnen todas as condicións esixidas pola Unión Europea para o comercio intracomunitario e internacional de embrións.



Laboratorios e oficinas Bos

- **04-06-2007:** A fin de incrementar a produción de embrións en granxas, posta a punto de novas tecnoloxías da reprodución e desenvolvemento de proxectos de I+D+i, incorpórase ao equipo de Transferencia Embrionaria de Bos (composto nese momento polos veterinarios D. Daniel Martínez e D. Ismael Fernández), a Dra. D<sup>a</sup> Mónica Barrio.
- **08-02-2008:** Expórtase o primeiro lote de embrións de vacas do Programa.
- **27-03-2008:** Expórtanse os 3 primeiros machos descendentes do Programa (nados en ganderías) destinados a testaxe nun Centro de Inseminación Artificial estranxeiro.
- **16-09-2008:** Os entón vicepresidente da Xunta e conselleiro do Medio Rural, D. Anxo Quintana e D. Alfredo Suárez Canal, respectivamente, inauguran as novas instalacións, laboratorios e oficinas de Bos.



- **22-09-2008:** Adquírese (e equípase completamente) o laboratorio móbil a fin de poder producir embrións en ganderías, aptos para o comercio intracomunitario (segundo a normativa da Unión Europea).
- **30-10-2008:** Reunión entre a Consellería, FEFRIGA e Xenética Fontao. Acórdase que, a partir da data, será FEFRIGA quen asuma a xestión da compra e pago dos embrións do Programa.
- **Febreiro de 2009:** Logo da posta a punto da técnica e equipos, ponse en funcionamento o servizo de sesaxe e división de embrións.

- **13-02-2009:** FEFRIGA asume “de facto” a xestión na compra de embrións do Programa. A Consellería achega relación de contratos e/ou embrións pendentes de entrega e/ou pago; establécese o presuposto dispoñible para a compra de embrións e material xenético, e determínanse as condicións e sistemática de compra (**lógrose minorar o custo de compra en 288,67€ por embrión; ese ano foron adquiridos un total de 219**).
- **18-09-2009:** Non pasaran nin dous meses de que o novo conselleiro do Medio Rural D. Samuel Juárez, tomara posesión do cargo (e sen que ninguén do seu equipo tivera visitado Bos nin tivera solicitado información algunha a FEFRIGA sobre o Programa), cando o señor subdirector xeral nos comunica que, para 2010, a Consellería aplicará un recorte ás axudas do Programa Bos de entre un 30 e un 35% (finalmente foi do 40%). Igualmente nos “suxire” que, se a axuda non fora suficiente para manter o Programa no seu conxunto, eliminaranse as doantes de Bos.
- **18-10-2009:** Recíbense as 30 primeiras probas xenómicas de animais da UDE Bos realizadas en Estados Unidos. **Bos Shottle Selena ET colócase no posto Nº 1 de Europa por GTPI; a súa irmá completa, Bos Shottle Secret ET RF, colócase a Nº 5, sendo ademais a Nº1 a nivel mundial portadora de factor vermello.**

Bos Shottle Selena ET




- **01-01-2010:** Entra en funcionamento o Banco de Embrións de Bos, co obxectivo de que os gandeiros -a través do “mercado virtual” de FEFRIGA-, poidan comercializar os embrións producidos nas súas explotacións.
- **Setembro de 2010:** A pesar do esforzo orzamentario realizado por FEFRIGA para manter operativo o Programa Bos (redución de persoal, incremento de tarifas, contención do gasto, etc...), dende a Consellería comunicásenos que, para 2011, teñen previsto reducir

a súa aportación ao Programa nun 50%. De igual xeito se nos indica que non se comprometen a aportar cantidade algunha para 2012, polo que, se o Programa non pode continuar sen a súa axuda... que o pechemos!!! (non parece lóxico que sexa FEFRIGA quén teña que decidir se se pecha ou non un Programa creado pola Consellería e do que nós somos meros xestores...).

- **07-12-2010:** Remítese (por rexistro) informe e escrito solicitando entrevista ao Sr. conselleiro, coa fin de, entre Consellería e FEFRIGA, intentar buscar unha solución de futuro para o Programa Bos. **A pesar das reiteradas demandas, o señor conselleiro non se dignou a recibir á Xunta Directiva de FEFRIGA.**
- **04-03-2011:** Celébrase unha Asemblea Xeral Extraordinaria de FEFRIGA para informar aos socios (AFRICORES) da situación á que nos aboca a Consellería. Conclúese que dificilmente FEFRIGA podería manter operativo un Programa creado pola Consellería e que se desenvolve nunha Finca e instalacións da súa propiedade, se esta non o apoia.
- **27-10-2011:** Mentres, o persoal de Bos se apresta a adecentar as instalacións e preparar a subhasta que se celebrará ao día seguinte; persoal dependente da Consellería elimina as alambradas das parcelas e empeza a roturar a Finca de Bos: ¡¡¡itiñan que sementar trigo!!! (A 29 de decembro, cando se entregan a finca e instalacións, aínda non tiñan nada sementado).
- **28-10-2011:** XVIII e última Subhasta Top-Bos. **Son subastadas as 22 últimas femias** da Unidade de Doantes de Embrións de Bos.
- **29-12-2011:** Peche da UTE/UDE Bos e entrega das instalacións, maquinaria e equipos á Consellería.
- **31-12-2011:** Rescíndense os últimos contratos de Persoal (11 en total) e dáse por rematado o Programa Bos e a nosa participación nel.







## Por que se pecha Bos?

Inexplicablemente (polo menos para nós):

- despois de **case 20 anos** de traballo,
- cando a UTE de Bos está funcionando a **pleno rendemento**,
- **logo dos fortes investimentos** realizados pola Consellería en instalacións e equipos,
- cando **irrompe con forza a xenómica** nos Programas de Selección,
- no momento en que **as femias cobran maior relevancia** nos mesmos
- e en Bos atópase un selecto grupo delas,

a Consellería decide pechar o Programa. . . ¿¿Por qué??

Segundo se nos transmitiu, a decisión é consecuencia única e exclusivamente da grave crise económica que sufre o país, pero... no caso de que así fora, cabe recordar que o día 7 de Decembro de 2010, a Xunta Directiva de FEFRIGA remitiu escrito, -por rexistro,- ao Sr. conselleiro solicitando unha entrevista para intentar buscar unha solución de futuro ao Programa Bos.

O Sr. conselleiro nunca respondeu a dito escrito nin se dignou a recibir aos representantes dos gandeiros. Supoñemos que a súa "apretada axenda" non lle deixaba "tempo" para "nimiedades" coma esta...

Non obstante, SI o tivo para informar sobre o peche de Bos na radio, na televisión, nos periódicos.. É por isto que, ante a falta de resposta oficial a esta Federación e apoiándonos nunha das informacións distribuídas naquel momento (europapress.es: 19/09/2011), expoñemos os motivos que, segundo o propio conselleiro, lle fixeron tomar tal decisión (**reproducimos nota íntegra**).

El conselleiro de Medio Rural, Samuel Juárez, ha confirmado que a finales de año se clausurará la unidad de transferencia embrionaria de Bos, en Bergondo (A Coruña). "Es una finca que tenía una lógica hace 20 años, cuando las ganaderías no tenían el nivel que tienen hoy", ha defendido.

Según ha destacado el titular del departamento autonómico, "desde entonces, las ganaderías evolucionaron mucho y de hecho hay explotaciones particulares que hacen transferencias de embriones y que los comercializan".

"Por tanto, esta instalación mantenida desde la Administración exclusivamente para tener unos animales donde hacerles transferencias embrionarias no tiene sentido económico", ha aseverado.

Además, Juárez ha dicho que "en muchos países europeos ya se han tomado decisiones" como esta y ha agregado que "por eso la consellería ha transmitido a la Federación Frisona Galega que no tenía sentido mantener un gasto indefinidamente cuando incluso se está haciendo una competencia a ganaderos que ya hacen lo mismo".

En este sentido, ha asegurado que esta medida "no supone ninguna merma en el programa de mejora genética, sino una mayor participación de los ganaderos en todo el proceso" y ha insistido en que se trataba de "una decisión que se debía tomar más bien antes que tarde".

Moi ilustrativo, verdade?

**Para ser alguén que non visitou xamais a UTE Bos e nin tan sequera se dignou a recibir aos gandeiros que - por acordo coa propia Consellería, cómpre subliñar- xestionaban a Unidade dende a súa creación, parece ser que o Sr. conselleiro tiña as ideas moi claras** (que Deus nos ampare!!).

Non temos moito máis que engadir: nin imos valorar as súas palabras nin os argumentos esgrimidos; pensamos que os nosos socios e lectores son o suficientemente intelixentes para analízalas, valoralas e extraer as súas propias conclusións.

Pero si queremos lembrar por outra parte -e independentemente de estar ou non de acordo coa decisión adoptada unilateralmente pola Consellería-, que a UTE de Bos foi creada en 1991 pola propia Consellería e que dende xuño de 1992 foi xestionada -en base aos correspondentes con-

venios de colaboración- por FEFRIGA. Non parece moito pedir, aínda que só sexa por unha cuestión elemental de responsabilidade e boa praxe administrativa, que se algunha das partes decide poñer punto final ao acordo, así o comunique fehacemente á outra...

E cómpre lembrar tamén que, a pesar de que a Consellería se comprometeu "verbalmente" con nós (como así tamén se puido ler na prensa) a aportar 375.000€ para o funcionamento (peche) de Bos en 2011 (75.000€ eran para a adquisición de embrións para o Programa), a crúa realidade é que ata a data, os custos do peche (indemnizacións de persoal, amortizacións anticipadas, rescisión de contratos de subministro e servizos, compensacións a ganderías colaboradoras, etc,...) estaos a soportar integramente FEFRIGA que, ademais de ter que vender todas

as máquinas, materiais e equipos da súa propiedade para atendelos, ten que facer fronte a unha perda próxima aos 87.000€.

Pola súa parte e ata a data, a Consellería non so non aportou cantidade algunha senón que, ademais, reservou para si as máquinas e equipos que tiña aportados!

**É este o novo "modus operandi", a responsabilidade e a seriedade que cabe esperar da Consellería e por extensión, da Xunta de Galicia?... Sinceramente esperamos que non, e que a nova titular da Consellería do Medio Rural, despois de todas as comprobacións que considere oportunas, facilite unha solución satisfactoria a ese, (na nosa opinión), abuso de poder, que lle deixa como legado o seu predecesor no cargo.**

## Qué achegou Bos

**Resulta difícil resumir en poucas liñas o legado que nos deixa o traballo rigoroso e profesional realizado por Administración e Gandeiros ao longo de case 20 anos de colaboración; non obstante, consideramos que os datos que a continuación presentamos poderán servir de axuda para que, cada quen, poida facer as súas propias valoracións.**

### Equipo de Transferencia Embrionaria de Bos

Dende decembro de 1994 en que realizaron as primeiras colleitas en Bos ata decembro de 2011 en que se pecha a UTE, o equipo de Transferencia Embrionaria de Bos:

#### Realizou 2.863 colleitas de embrións

- 1.361 en Bos
- 818 descendencia de Bos, en ganderías.
- 684 outras colleitas en ganderías (Top-50, I+D+i, outras,..)

#### Obtivo un total de 12.960 embrións viables

- 6.220 en Bos
- 3.875 de vacas descendentes de Bos en ganderías
- 2.865 en outras vacas

#### Implantou un total de 10.438 embrións

### Descendencia Bos (vía macho)

Desde xaneiro de 1995 en que entraba en Fontao o primeiro xovenco con prefixo Bos, ata decembro de 2011, Fontao incorporou un total de 648 machos descendentes do Programa Bos, para a súa posta en testaxe:

- 458 procedentes de embrións adquiridos.
- 55 nados en Bos (partos naturais das Doantes).
- 135 descendentes de Bos, nados en ganderías.

- Ata a data rexistráronse no Libro Xenealóxico un total de **188.671 fillas** de touros con prefixo Bos.
- **301 touros** con prefixo Bos teñen máis de **450 fillas** rexistradas cada un. **Bos Rudolph LANDOI EX**, fillo de **Bos Merrill CURUXA ET MB87 8\* M.O.**, con **13.521 fillas**, é, ata a data, o touro con máis descendentes rexistrados.



### Descendencia Bos (vía femia)

A 31 de Decembro de 2011 e distribuídas nun bo número de Ganderías (máis de 400), descendían do Programa Bos un total de 4.033 femias rexistradas.

- **Produción:** A media de produción das vacas prefixo Bos (primeiro parto u outro), que remataron a súa lactación en 2010/2011, foi de:  
**305 días, 11.047 Kg./L, 3,71 %G., 410 Kg./G., 3,20 %P., 353 Kg./P.**
- **Cualificación:** Durante 2011 cualificáronse un total de 147 vacas, nadas en Bos ou fillas de embrións producidos en Bos (prefixo Bos). A media de cualifica-

ción (todas as idades) foi de **82,74 puntos**, quedando distribuídas nas categorías seguintes: **2 EX, 56 MB, 62 BB, 27 B, 0 R, 0 IN (84, 48% BB ó +)**.



Grupo de vacas EX de Bos

Dende 2006 en que se cualificou a primeira vaca nada en Bos, ata o 31 de Decembro de 2011, cualificáronse con ese prefixo un total de **17 vacas EX e 272 MB**.

- **Avaliacións Xenéticas:** Entre xaneiro de 2.000 e xullo de 2011 (última vez que se avaliou Bos) Conafe publicou 24 avaliacións xenéticas. En 20 delas, incluída a última, **Bos ocupou o posto nº1 de España**.

- **Xenómica:** Das aproximadamente 2.000 femias españolas das que se secuenciou o seu xenoma en USA, 41 teñen un GTPI superior a +2000, delas, 32 (entre as que se atopan as 5 primeiras) descendentes do Programa Bos. Igualmente 42 descendentes do Programa Bos teñen un Índice de Mérito Neto (Net Merit) superior ós 400 puntos.

Bos Superstition Melodi ET



GLPI: 2653 . GTPI: 2313 . N.M.: 754.

## Subhasta Top-Bos

Os altos prezos acadados polas doantes e futuras doantes de Bos, subastadas en 2011 (6.085€ de media) e máxime no contexto de grave crise económica que estamos vivindo, son ilustrativos da importancia e interese que tiña o Programa Bos para os criadores de Frisón. **A través das 18 edicións da Subhasta Top-Bos** que organizou FEFRI-GA, puxéronse a disposición dos gandeiros -cun 20% de desconto para os criadores galegos,- un total de 356 femias criadas na UTE de Bos.



Bos Gerard Selenia ET (filla de Selenia) último animal de Bos subastado (8.100 euros)



## Imaxe e promoción

Co paso do tempo a "marca" Bos converteuse en referente e imaxe de Galicia, da súa xenética e dos seus criadores, tanto a nivel nacional como internacional.

- Destacadas personalidades do mundo da Holstein, xuíces e técnicos internacionais, así como un bo número de gandeiros de diferentes nacionalidades visitaron Bos e interesáronse tanto pola súa xenética como polo traballo que se estaba a facer.
- Coa chegada da xenómica, un bo número de animais descendentes do Programa Bos ocupan postos destacados nos Ránkings de USA, Canadá e Europa.
- Na última Avaliación Xenética de Conafe (Novembro 2011) 13 das 105 páxinas do Catálogo de Sementais ocúpanas touros "Bos", etc...

## Formación

Ademais do seu cometido na produción de embrións, Bos xogou un importante papel en investigación (desenvolveu ou colaborou en 5 Proxectos de I+D+i); formación de veterinarios na técnica de Transferencia Embrionaria (con 11 cursos aos que asistiron 80 alumnos); e formación de gandeiros (Escolas de Xuíces, Escolas de doma e manexo para mozos, granxa de prácticas para alumnos de ECA's, reciclaxes en doma e pelado para mozos, reciclaxe de Xuíces Nacionais, e tantos outros).



## Bos, imaxe de Galicia

Aínda que dende os seus comezos fora xestionado por FEFRIGA, o Programa Bos aglutinaba o traballo, esforzo e proxecto compartido da Consellería, dos criadores de Frisón de Galicia e das asociacións que os representan. Grazas ao labor conxunto de todos eles, Bos permitiu non só mellorar a cabana gandeira galega senón que acabou por converterse no mellor embaixador dos nosos criadores e da xenética que producimos. Na promoción desta imaxe tan positiva para o sector en particular e para Galicia en xeral, cómpre destacar o importante papel que desempeñaron as numerosas autoridades, técnicos e gandeiros de todo o mundo que nos visitaron para coñecer de primeira man as excelencias do Programa.



En maio de 1999 recibiamos en Bos ao Sr. D. Anthony Vicent, embaixador de Canadá en España, acompañado do D. Larry Delver e outros técnicos do Ministerio de Agricultura canadense.



Bos acolleu a visita de 70 gandeiros e técnicos de diferentes cooperativas de Suecia. Dito grupo estaba encabezado polos señores D. Tauno Turtunen, conselleiro de Gandería e Producción Leiteira; D. Bo Gunnarsson, presidente da Asoc. de Agricultores e D. Hans Olor Stålgren, director do Centro Europeo de Información Rural de Västermorland (xullo 2000).



O Sr. Presidente do ICAR, D. Uffe Lauritsen e o Sr. Director de INTERBULL, Dr. Dn. Joao Dürr, acompañados de Técnicos do MARM e da Consellería durante a súa visita a Bos



Novembro do 2008. Seminario de veterinarios especializado en Reprodución Bovina (organizado e patrocinado por Laboratorios Ceva)



O profesor D. Zhang Yuan, catedrático da Universidade de Pekín e máximo responsable da mellora xenética bovina na República Popular de China, visitou Bos os días 27 e 28 de xullo de 2010 á fronte dunha delegación de técnicos en Transferencia Embrionaria e responsables de Inseminación Artificial nese país asiático.



Os señores D. Antonio Miguel Arieiro Gonçalves Becerra (coordinador dos Servizos de Desenvolvemento Agrario dos Azores); Dª Ana Luisa Pavao (coordinadora do Programa de Transferencia Embrionaria da Dirección rexional do Desenvolvemento Agrario do Goberno das Azores), e D. Samuel Pinto (secretario técnico da Asociación Holstein de Portugal) visitan Bos a fin de crear un Centro similar nas illas.



Os Gandeiros de COVAP amosaron o seu interese polo Programa de Transferencia Embrionaria durante a visita que realizaron en xuño de 2010 a Bos.



Novembro de 2008, Visita dunha delegación da Consellería d'Agricultura i Pesca del Govern de les Illes Balears, encabezada pola Sra. directora xeral de Agricultura, D<sup>a</sup> María José Susasi Amengual, acompañada por técnicos do seu departamento e do Institut de Biologia Animal de Balears (IBABSA).



Presentación de vacas doantes durante a visita que realizaron a Bos, en abril do 2008, directivos, técnicos e gandeiros da Asociación de Cooperativas e das Asociacións de Criadores de Portugal (APCRF, ABLN, ATABLES, EABL)



Autoridades, técnicos e gandeiros de Brasil, durante a súa visita a Bos.



O día 1 de novembro de 1999 nas instalacións e con 4 sección de animais de Bos, Conafe celebrou a recidaxe anual de xuíces gandeiros.



Novembro de 2009. Xornadas técnicas de Pfizer nas que participaron 48 veterinarios especialistas en reprodución.



Maio de 2010. O Dr. John Hasler, especialista e instrutor en novas tecnoloxías reprodutivas, da Colorado State University, USA, durante a súa estancia en Bos.



4 seccións de xulgamento da XXXVI Escola Nacional de Xuíces Gandeiros Conafe '10, celebráronse na UDE de Bos.

Dende FEFRIGA fomos conscientes dende o principio da dobre potencialidade que tiña o Programa e, por iso, sempre consideramos que as fortes inversións (e duro traballo) que administración e gandeiros estabamos realizando debían servir, primeiro, para mellorar a nosa cabana, si; pero, segundo, tamén para abrir as portas do mercado da xenética aos criadores galegos de frisón. Sabedores pois de que para posicionarse e manterse nun mercado tan esixente como o da xenética era necesario, ademais de ter un bo produto, desenvolver un importante labor promocional, decidimos prestar unha atención especial a aquelas actuacións que contribuíran a difundir a boa imaxe de Bos e, por extensión, a dos nosos gandeiros. É precisamente neste

marco no que se sitúan accións como o "prefixo Bos", os catálogos e presentación das subastas, a participación en concursos nacionais, as visitas institucionais ou as de criadores, técnicos e expertos profesionais.

Poida que alguén non saiba ou, deliberadamente, non queira recoñecer o traballo, esforzo e tempo que dedicamos a este cometido. Mesmo algún prefira considerar que non serviu para nada (todo é posible...). En calquera e todo caso, nós simplemente nos remitimos aos feitos: feitos que veñen a demostrar, unha vez máis, que a "marca" Bos introduciu a Galicia e aos seus criadores no mercado da xenética, do cal, como xestores do extinto programa, nos sentimos especialmente orgullosos.

## A ónde imos

Se atendemos ao que, de maneira “machacona” e insistente, repetiron e repiten ata a saciedade altos cargos da Consellería, o peche da Unidade de Doantes de Embrións de Bos, non vai a prexudicar en nada ao Programa de Mellora de Galicia posto que, na súa opinión, o mesmo que se facía en e dende Bos, pódese facer nas ganderías e a un custo moito menor...

Francamente, descoñecemos sobre que estudos e/ou valoracións basean dita aseveración pero, en todo caso, dende FEFRIGA mantiñamos daquela (e seguimos mantendo agora) que o peche de Bos traerá consecuencias nada desexables para o futuro da Cabana Frisona e para o Programa de Mellora de Galicia...

É por isto que, **nun último intento por manter operativo o Programa Bos, FEFRIGA ofreceu á Consellería a posibilidade de que a Unidade de Transferencia Embrionaria, tal e como estaba (animais, equipos, persoal, etc,...), pasara a formar parte, como unha sección máis, de Xenética de Fontao.** Non merece a pena reproducir a resposta que recibimos; non obstante, á vista de todos está como a valoraron.

Desgraciadamente, o pasado, pasado está.

Por iso, e para afrontar os retos de futuro, preferimos centrarnos agora no Novo Programa deseñado pola Consellería cuxos obxectivos e liñas de traballo son as que reproducimos (textualmente) a continuación:

### Obxectivos

1. *Mellora da eficiencia das explotacións leiteiras galegas, mediante a elevación do nivel xenético da súa cabana. Incorporación dun número de ganderías colaboradoras suficiente para o desenvolvemento do Programa de mellora xenética.*
2. *Creación dun novo nicho de negocio na produción de alta xenética, para os criadores de gando vacún leiteiro en Galicia.*
  - 2.1. *Creación dun mercado virtual de venda de material xenético e animais galegos de alto valor xenético.*
  - 2.2. *Oferta anual ao mercado galego de xovencas de alto mérito xenético procedentes de explotacións colaboradoras.*
  - 2.3. *Oferta anual ao mercado galego de embrións e doses seminais de alto mérito xenético.*

Como declaración de intencións e polo menos sobre o papel, parece que o novo Programa ten uns obxectivos claros e ambiciosos, agora só falta ... **levalos á práctica.**

Neste sentido e de entrada, atopamos cando menos curioso que, para a posta en funcionamento do novo programa, a Consellería e os seus novos xestores teñan prescindido dos coñecementos, experiencia, profesionalidade e capacidade organizativa e de traballo que poderían aportarlles os técnicos do extinto Programa Bos

e que veñen avalados polos resultados obtidos ao longo de anos de traballo e dedicación (lembramos: ao redor do 70% dos animais de Transferencia Embrionaria rexistrados en España durante os últimos anos proveñen de embrións por eles producidos e/ou implantados).

### Diferencias entre o antigo e o novo Programa

A pesar de que en liñas xerais poida parecer continuista, o novo Programa contén dúas diferenzas fundamentais respecto do anterior que cómpre subliñar:

- 1ª) No seu Novo Programa, a Consellería decide substituír a colaboración que dende fai 20 anos mantiña coa Federación (todos os criadores de Frisón Selecto de Galicia) pola dun reducido número de explotacións privadas (40/50 ano).
- 2ª) A xenética vía femia, que a través dos embrións incorporará (e en boa medida pagará) o Programa, quedará en mans privadas (**co anterior modelo, a súa xenética estaba a disposición de todos os criadores a prezos asequibles**).

### Perspectivas de futuro

“A priori” resulta difícil e arriscado facer predicións sobre o futuro que nos agarda, pero na nosa humilde opinión, o novo Programa (e a pesar da filosofía grandilocuente que contén) encerra unha serie de dificultades e limitacións á hora de levalo á práctica, que, segundo o noso criterio, condicionarán de maneira importante a súa execución e resultados, afectando negativamente á rendibilidade e competitividade da xenética e cabana gandeira de Galicia.

Neste sentido, gustaríanos facer fincapé sobre algúns aspectos:

- Ao pasar a xenética vía femia a mans privadas, as doantes serán recolleitadas polos seus propietarios (como é lóxico), en base a criterios puramente económicos e non sociais.
- En base ao anterior e como apuntamos no seu día, cabe esperar **unha substancial redución na produción/oferta de embrións** do Programa e, polo tanto, unha menor descendencia dos animais elite que incorpore ou tiña incorporado en anos precedentes o mesmo.
- Paralelamente á redución do número de descendentes reduciranse igualmente as posibilidades de obter animais -machos e femias- realmente punteiros. Cabe recordar que estamos na era da xenómica e, por iso, **o ideal sería incrementar ao máximo (non reducir) o número de descendentes a fin de poder seleccionar, de cada familia de vacas, aqueles que teñan os mellores índices xenómicos.**
- Coa previsible redución no número de descendentes, corremos o risco máis que probable, de incrementar outra vez (en lugar de reducir) a nosa dependencia da

xenética foránea, co agravante de que, nestes momentos e coa información que ofrece a xenómica, é cada vez máis difícil e caro conseguir animais (ou embrións) realmente punteiros no mercado internacional. Neste senso e unha vez máis, queremos chamar a atención sobre os esforzos que están a facer os mellores centros de inseminación artificial e empresas de xenética punteira, na adquisición e/ou contratación en exclusividade das mellores femias (sería importante que en vez de falar tanto, analizásemos o que está pasando ao noso redor).

A pesar das reflexións expostas (e outras que nos gardamos), non queremos ser pesimistas (ogallá, e polo ben de todos, nos equivoquemos); tampouco é que dubidemos da profesionalidade, dedicación e capacidade de traballo dos novos xestores do Programa (desexámoslles moita

sorte e maiores éxitos), pero consideramos que co peche de Bos, Galicia e os seus gandeiros perderon a mellor ferramenta da que dispoñían para afrontar con éxito o complicado futuro que temos.

Por todo isto e, chegados a este punto, preguntámonos: conseguirán os responsables da Consellería os resultados e aforro económico que pretendían coa súa decisión? Ou, pola contra, terían dilapidado os investimentos, esforzo e traballo realizado ao longo dos anos polos seus predecesores e os gandeiros?

O tempo, que é quen quita e da razóns será quen o diga, e cando chegue ese momento desexaríamos sinceramente ter sido nós quen errou.

**¡Tempo ó tempo!**

## Continuará...

Bos Merrill Curuxa ET



**Pese a quen pese, e aínda que algúns desexarían borrarlo, o legado de Bos non rematou co peche da UTE/UDE; aínda quedan moitas páxinas por escribir desta historia e, por iso, no próximo número, continuaremos a falar de Bos, das familias de vacas máis destacadas, da súa descendencia, dos seus índices xenómicos, etc,...**





**Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia**  
se tes o que hai que ter...  
**ASOCIATE**

## Concurso de Manexadores de Muimenta

Muimenta, 1 de Abril

Como en cada edición, estuvemos presentes no stand que, a Comisión Moexmu 2012 nos proporciona, e nos serve tanto de ferramenta de promoción para o Clube, como de punto de encontro e referencia.

Na participación do Concurso de Manexo, felicitar a D. Alberto Iglesia polo título de Campión, así como a D. Miguel Expósito polo de Subcampión. Temos a certeza de que ambos son "vellosW-coñecidos" e que a súa experiencia lles outorga títulos en cada pista á que acceden. Noraboa polo recoñecemento que o Sr. Xuíz, D. José Ramón Badiola vos outorgou e unha felicitación especial ó resto de competidores, sobre todos os mini-participantes que, coma sempre, nos enchen a pista de emoción, ledicia e sobre todo futuro.

Gracias a todos os socios que colaborastes nesta edición porque sen a vosa axuda non serían posibles estas xornadas.

### RESULTADOS

#### Sección 2ª: Mozos entre os 16 e os 21 anos inclusive.

1º) JOSÉ ALBERTO IGLESIA VILA	REI DE MIÑOTELO	A PASTORIZA - LUGO
2º) MIGUEL EXPÓSITO RODRÍGUEZ	LA RINCONADA	CANTABRIA
3º) ROCÍO MANTEIGA RODRÍGUEZ	MANTEIGA	VILA DE CRUCES - PONTEVEDRA

#### Sección 3ª: Mozos entre os 10 e os 15 inclusive.

1º) JORGE VÁZQUEZ CUÑARRO	CAPÓN	CHANTADA - LUGO
2ª) CRISTINA CARRO IGLESIAS	CASA NOVA	MESÍA - A CORUÑA
3º) XOAN MANOEL DONO LÓPEZ	DONO	FRADES - A CORUÑA

#### Sección 4ª: Rapaces menores de 9 anos.

ALEX IGLESIA VILA	REI DE MIÑOTELO	A PASTORIZA - LUGO
LORENA IGLESIA VILA	REI DE MIÑOTELO	A PASTORIZA - LUGO
LAURA LÓPEZ LÓPEZ	CANCELA	SARRIA - LUGO
MANUEL LÓPEZ LÓPEZ	CANCELA	SARRIA - LUGO
ANTÍA NODAR GALLEGO	-	LÁNCARA - LUGO
UNAI CELEIRO DÍAZ	UNAI CELEIRO	

#### Sección 5ª - CAMPIONATO: Mellor e Segundo Mellor Manexador Muimenta '12

1º) JOSÉ ALBERTO IGLESIA VILA	CAMPION	
2º) MIGUEL EXPÓSITO RODRÍGUEZ	SUBCAMPIÓN	A PASTORIZA - LUGO



Fotos: Uk Dairy Show.jpg

## Participación no Concurso UK Dairy Show

1 ó 4 de Marzo

Por primeira vez e durante o Concurso Internacional UK Dairy Expo, en Carlisle – Newcastle, celebrouse un Concurso de Pelado e Manexo ó que acudiron para estreo desta experiencia 5 rapaces galegos: María e Rocío Manteiga, Águeda e Roi Capón e Miguel Madriñán.

Resaltar o traballo do noso compañeiro **Roi, que foi proclamado SUBCAMPIÓN DE PELADO**, pero tamén os do resto do equipo, que a pesar das vicisitudes que se atoparon e da súa xuventude, souberon defenderse e implicarse perfectamente nesta primeira experiencia de carácter internacional convocada nese país.

**Noraboa a todos e gracias pola boa imaxe do Clube que deixastes.**



## Próximas convocatorias

### Concurso Manexadores Lalín

10 de Xuño de 2012 en Lalín – Pontevedra

### VII Escola Nacional de Preparadores

25 ó 29 de Xuño de 2012 en Colunga – Luces – Asturias

### Miniescola de Xóvenes Gandeiros

23-27 de Xullo de 2012 en Ganadería Ugasma

### Escola Europea EYBS

29 de Agosto ó 1 de Setembro – Battice – Bruselas



# Festa Holstein Fefriga '12 e IV Miniescola de Xuices

En colaboración co Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia e coincidindo coa celebración da IV Miniescola de Xuices que éstos organizan na Ganadería UGASMA (Andabao – Boimorto – A Coruña), o próximo día 28 de Xullo, terá lugar a “FESTA HOLSTEIN FEFRIGA '12”, durante a cal se procederá á entrega de trofeos ás “Mellores Explotacións de Galicia '11” e a imposición da “Insignia de Ouro Fefriga '12”. Como criador de Frisón, non deixes de compartir esta xornada cos teus compañeiros.

## Programa

- 11:00 – 11:30 Recepción de alumnos, autoridades e invitados.
- 11:30 – 13:00 Xulgamento de dúas seccións de Xovencas.
- 13:00 – 14:30 Visita ás instalacións da explotación.
- 14:30 – 17:30 Comida de irmandade, entrega de trofeos, imposición da Insignia de Ouro e Clausura da Xornada.

## Custo por participante

Establécese unha cota de 25€ por persoa. Esta cota da dereito a participar en todos os actos e actividades programadas e no sorteo de 10 lotes de seme (5 doses c/u) dos touros: Xacobeo, Bronco, Jordan, Million e Shottle.

## Inscripción e prazos

Poden participar nesta Xornada todos os Gandeiros e Técnicos que o desexen, para elo, e antes do día 19 de Xullo, deberán:

- Remitir a Fefriga a adxunta Cédula de Inscripción debidamente cumprimentada.
- Ter ingresado a cota de inscrición (25€) na conta nº 3070-0035-26-6006193525 de Caixa Rural Galega (adxuntar xustificante á cédula de inscrición).

**IMPORTANTE: Por cuestións de organización, non se admitirá ningunha inscrición que se realice despois do día 19 de Xullo.**

CORTAR

## FESTA HOLSTEIN / MINIESCOLA / Cédula de Inscripción

Alumno: D/Dª \_\_\_\_\_ da Ganadería \_\_\_\_\_

con enderezo \_\_\_\_\_ CP \_\_\_\_\_

Provincia \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ email: \_\_\_\_\_

Desexa inscribirse na Xornada Gandeira que se celebrará o vindeiro día 28 de Xullo, na Ganadería UGASMA de Andabao – Boimorto – A Coruña.

Sinatura

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2012

REMITIR CÉDULA CUMPRIMENTADA

+ XUSTIFICANTE DE PAGO ANTES

DO DÍA 19 DE XULLO A:

FEDERACION FRISONA GALEGA

Rúa Melide, 25-27 Baixo - 15705

Santiago-A Coruña

Tel.: 981 573 775 - Fax: 981 573 879

Con arreglo ó disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de Decembro (BOE Do 14-12-1999), de Protección de Datos de Carácter Persoal, informaselle de que os seus datos persoais serán incluídos no Ficheiro da Federación Frisona Galega. Respecto a eles, poderá exercita-los dereitos de acceso, rectificación e cancelación, nos termos previstos na indicada Lei, dirixíndose por escrito á Federación Frisona Galega, Rúa Melide, 25-27 Baixo, 15705 Santiago (A Coruña).

# Rexistro de animais ET

Para o rexistro de animais procedentes de Transferencia Embrionaria ten que remitirse á oficina de rexistro, a documentación seguinte:

## En todos os casos

- Declaración de Nacementos debidamente cumplimentada e asinada.
- Probas de Filiación (pai e nai) da doante (se non foron remitidas con anterioridade).
- Probas de Filiación do animal a rexistrar, no caso de que se trate dun macho.

Ademáis e dependendo da procedencia do embrión, deberanse de adxuntar os documentos seguintes:

Embrións nacionais ou producidos na propia explotación:

- Certificado da recolleita no que consten tódolos datos xenealóxicos dos proxenitores (pai e nai), data da recolleita, nº de embrións recolleitados, identificación das palletas (no caso de conxelados), así como os datos de quen a realizou.
- Certificado de Implantación no que conste: xenealoxía do embrión, data da recolleita, nº de identificación da palleta (no caso de conxelados), C.I.B. da receptora, data de implantación e datos de quen a realizou.

## Embrións Importados

- Pedigree da Doante.
- Documento internacional ou intracomunitario de movemento de embrións (TRACES); emitido pola autoridade competente do país de orixe e no que deba de figurar: nome e número de rexistro dos pais, data da recolleita, identificación individual das palletas e datos de quen realizou a recolleita.
- Certificado de Implantación no que conste: xenealoxía do embrión, data da recolleita, nº de identificación da palleta (no caso de conxelados), C.I.B. da receptora, data de implantación e datos de quen a realizou.

## Recorde

Se desexa evitar retrasos, confusións u outros problemas que están xurdindo, debe esixir, -no momento da compra, recolleita e/ou transplante dos embrións,- lle sexa entregada a documentación e/ou certificados correspondentes (non 9 meses despois).

## Compra conxunta de doses seminais

Despois da avaliación das ofertas presentadas polas diferentes casas comerciais, e tendo en conta as necesidades da Cabana Frisona Gañega. A Mesa Técnica de Mellora Gandeira seleccionou os touros que, en base ás mesmas, considerou máis axeitados para acadar os obxetivos de Mellora perseguidos.

Xunto coas doses de touros probados mercadas, entregáronse 65.983 doses dos touros ( $\pm 60$ ) que se porán en proba durante 2011. Igualmente e de maneira gratuita, Xenética Fontao entregará 9.084 doses de Xacobeo para distribuír entre as ganderías que colaboran na testaxe dos seus touros.

## Touros probados


TOURO	DOSES
LAUTAMIC	39.594
GOSPELL	21.052
DELETE	17.186
DELANO	16.647
BETANZOS	16.294
XACOBEO	13.275
ELEGANT	10.676
NADAL	9.634
TRUENO ROJO	6.112
DANCER	5.540
DUNO	5.107
ONCE	2.977
BOER	1.974
	<b>166.068</b>

## Touros extranxeiros

TOURO	DOSES
ARTES	7.293
STANLEYCUP	6.642
WINDBROOK	4.624
GERARD	2.987
END-STORY	2.331
ALTAIOTA	2.270
FEVER	2.213
SUPER	2.206
ZELGADIS	1.095
BRAXTON	818
	<b>32.479</b>

Solicitudes presentadas 3.771

2 Xuño	POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA - Castro de Rei - Lugo
9-10 Xuño	XVIII CONCURSO DE GANDO FRISÓN FEIRADEZA '12 - Lalín - Pontevedra
28 Xullo	FESTA HOLSTEIN FEFRIGA '12 - MINIESCOLA DE DE XUICES - Boimorto - A Coruña
27 / 30 Setembro	XXXIII CONCURSO NACIONAL DE OTOÑO CONAFE '12 - Gijón - Asturias
10 Novembro	POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA - Lugo
24 / 25 Novembro	POXA MAZARICOS '12 - A Coruña



# **Granja de Bos 1991-2011**

**Nestes anos pasaron por aquí Delegacións de:**

**ALEMAÑA, ARXENTINA, BÉLXICA, BRASIL, CANADÁ, CHILE,  
CHINA, DINAMARCA, ECUADOR, EXIPTO, FRANCIA, HOLANDA,  
IRLANDA, ITALIA, LIBIA, MARROCOS, MÉXICO, NOVA ZELANDA,  
PORTUGAL, SUECIA, SUIZA, TÚNEZ, URUGUAI, USA**

# GOSPELL

ESPM1502706264 aAa 213456

GOLDWYN x BWM x RUDOLPH



TORRES GOSPELL BRAVA MB-86

- Nº 1 POR ICO DE ESPAÑA: + 3.447
- Nº 2 PARA LEITE: + 1.715 kg
- Nº 2 PARA PROTEÍNA: + 48 kg
- Nº 2 PARA GRAXA: + 53 kg
- Nº 4 PARA TIPO: + 2,60